

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2019

Acórdase/apróbase por asentimento¹:

1. O nomeamento da Prof. Dra. Blanca Vilà Costa, Catedrática de Dereito Internacional Privado da Universidade Autónoma de Barcelona, como Membro Honorífico do Claustro de Profesores da Facultade de Dereito.
2. A acta da reunión ordinaria do día 20 de decembro de 2019.
3. Os límites de prazas no Grao en Dereito e no Plan Conxunto de Estudos ADE-Dereito para o curso 2019/2020.
4. A PDA -para o Grao en Dereito e o Plan Conxunto de Estudos ADE-Dereito- para o curso 2019/2020.
5. A PDA do Mestrado universitario en avogacía para o curso 2019/2020.
6. A listaxe priorizada de Departamentos susceptibles de asumir os encargos docentes de cada materia para o curso 2019/2020 e o escrito de motivación correspondente.
7. A oferta de materias optativas do Grao en Dereito para o curso 2019/2020 e os procedementos de preinscrición e matrícula correspondentes.
8. A designación da Prof. Dra. Francisca Fernández Prol como Coordinadora do Grao en Dereito para o curso académico 2019/2020 e a non designación das coordinacións de curso, de conformidade co previsto na memoria de verificación da titulación.
9. A renovación na presidencia da Comisión de Compensación do Grao en Dereito (Prof. Dra. Francisca Fernández Prol, por delegación da Decana da Facultade de Dereito).
10. A distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso 2019/2020.
11. As táboas de equivalencia das materias do Grao en Dereito cursadas nas universidades de Santiago de Compostela e da Coruña obxecto de recoñecemento na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo.
12. A seguinte delegación de competencias na Comisión Permanente:
 - a) A aprobación, se procede, das modificacións das metas correspondentes aos obxectivos de calidade do Centro.
 - b) A aprobación, se procede, da creación e dotación económica dunha actividade no programa informático MUS de asuntos económicos para a adquisición de libros a través da biblioteca central da Universidade de Vigo.
 - c) A modificación, se procede, do procedemento de matrícula das materias optativas se fose necesario polas convocatorias internas da universidade.
 - d) A aprobación do calendario académico da Facultade para o curso 2019/2020.

- e) A aprobación do calendario de elaboración das guías docentes do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía para o curso 2019/2020.
- f) A designación dos representantes da Facultade para a Comisión de avaliación das axudas a grupos de investigación do Campus de Ourense (INOUE).
- g) A modificación, se procede, no límite de prazas e na PDA correspondente para o curso académico 2019/2020.

Ourense, 25 de febreiro de 2019



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 22 de febreiro de 2019, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 25 de febreiro de 2019.



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.